

A proposta de actividades da Escola Municipal de Verán constitúe unha oferta para o ocio e o tempo libre da cidadanía máis nova, nunhas datas nas que as familias demandan novas propostas de dinamización para os seus fillos e fillas no tempo non escolar. Estes recursos de lecer para o verán son diferentes atendendo ás características organizativas, ás idades, tamaño do grupo, entre outros. Todos responden a un obxectivo que dá coherencia á oferta: a existencia dun programa educativo e de lecer nunha época e cunhas características moi determinadas que dea continuidade á proposta cultural e educativa coa que conta o Concello de Santiago de Compostela ao longo do ano.

Ademáis, esta iniciativa tenta rendibilizar os equipamentos escolares como espazos de aprendizaxe no tempo de verán atendendo á súa distribución territorial, onde os nenos e as nenas poidan expresarse libremente, relacionarse e compartir.

OBXECTIVOS

- Ofrecer un espazo de encontro e de lecer para os rapaces e rapazas cunha oferta pensada especialmente para eles/as e para as familias neste tempo de vacacións.
- Promover a sensibilidade artística dos nenos e nenas, potenciando o desenvolvemento imaxinativo e creativo.
- Descubrir as posibilidades educativas da cidade e aproveitar os recursos que esta nos proporciona, que leva á promoción do tempo libre con xogos e con actividades de utilización didáctica da cidade, dos seus equipamentos, das rúas, prazas e parques como espazos axeitados para esta experimentación e como lugares de encontro, interrelación, liberdade e creatividade, na perspectiva da consecución da cidade educadora.

En función do número de participantes, configúranse propostas diferenciadas e complementarias:

- Obradoiros de educación ambiental:** co obxectivo de fomentar prácticas e comportamentos ambientais, organízanse diferentes propostas prácticas como a construción de instrumentos musicais, a olimpiada do lixo, os roteiros por zonas de interese, entre outros.
- Artes plásticas:** a pintura, o debuxo, o papel maché, entre outras, son as diferentes técnicas empregadas neste espazo de expresión artística que contribúe a desenvolver a sensibilidade estética.
- Grandes-xogos e actividades deportivas,** nas que terán a oportunidade de perfeccionar habilidades, a súa técnica en deportes e iniciarse noutros máis novidosos.
- Xogos populares e tradicionais:** a corda, o trompo, o aro, o diábolo, entre outros, permitirán o entretemento e a recuperación destes xogos tradicionais.
- Contacocontos, obradoiros de oralidade e escrita.**

DATOS TÉCNICOS

- Datas de celebración:**
 - Xuño: 23, 24, 25, 26, 29 e 30.
- Espazos de celebración:**
 - CEIP López Ferreiro, Fontiñas, Pío XII e Colexiata de Sar.
- Horarios:**
 - De 9.30 h. a 13.30 h.
- ¿Quen fai a actividade?:**

Monitoras e monitores das asociacións e colectivos con experiencia como dinamizadores sociais:

 - Centro Don Bosco
 - Asociación Xuvenil de Cruz Vermella
 - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).
 - Fundación Fesan.

TIPO DE ACTIVIDADES

VERÁN 2009 Xuño

CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

- Teñen por obxecto establecer os dereitos e os deberes dos participantes neste programa municipal.
 - CEIP As Fontiñas:**
 - Nº de participantes máximo de 6 a 12 anos=100
 - Nº de participantes máximo de 3 a 5 anos=40
 - CEIP Pío XII:**
 - Nº de participantes máximo de 6 a 12 anos=80
 - CEIP López Ferreiro:**
 - Nº de participantes máximo de 6 a 12 anos=100
 - CEIP Colexiata de Sar:**
 - Nº de participantes máximo de 6 a 12 anos=50
- Nos CEIP de Pío XII, López Ferreiro e Colexiata de Sar, os/as nenos/as de 5 anos poderán participar sempre e cando un irmán/á tamén estea inscrito/a ás actividades diarias do centro.
- Os criterios de participación serán por orde de chegada diaria ata cubrir o aforo establecido e se é o caso, cada familia recibirá a información para que poda desprazar ao neno/a ao centro máis próximo, responsabilidade de información que lle corresponde ao monitor/a que o atende.
 - Para poder participar no programa é obrigatorio que un adulto cubra a ficha de participación, que deberá entregar no espazo de recepción o mesmo día que asistan ás actividades. Naqueles casos nos que participen de forma continuada nun mesmo centro, cada día deberá amosar o carné e indicar a persoa responsable de recoller ao menor. No caso de aqueles nenos/as que se despracen sós, é obrigatorio cubrir e entregar asinada a autorización pertinente na secretaria da Escola Municipal de Verán do centro correspondente.
 - A participación é de balde e de libre elección; é dicir, pódese participar na programación completa e diaria dun centro ou ben en talleres concretos de acordo coa dispoñibilidade de prazas en cada momento.
 - As actividades darán comezo ás 9.30 h. e finalizarán ás 13.30h, polo que a responsabilidade do control e coidado dos participantes polos monitores/as responsables, comprenderá esa franxa horaria.
 - O/a participante poderá ser dado de baixa no programa por algunha das circunstancias seguintes:
 - Por incumprimento da idade.
 - Por comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
 - Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.As baixas comprendidas nestes apartados resolveráas, unha vez oído o coordinador xeral do programa no centro e os representantes legais do neno/a, o Departamento de Educación do Concello de Santiago.
 - A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso destas normas. O incumprimento das mesmas dará lugar á perda do dereito ao uso e disfrute deste programa municipal.

INSCRICIÓN

- Prezo da actividade:**
 - De balde.
- Forma de inscrición:**
 - Mediante o impreso correspondente que deberá entregarse cuberto no espazo de recepción do propio centro escolar, ao inicio das actividades.
- Información:**
 - Departamento de Educación
 - Tfnos.: 981 554 400/554 401
 - Fax: 981 571 511
 - dptoeducacion@santiagodecompostela.org
 - www.santiagodecompostela.org

* PROGRAMACIÓN

xuño 2009

23
martes

24
mércores

25
xoves

26
venres

29
luns

30
martes

CEIP PIO XII

Poza de Bar, 15

9.30 h.	TODOS	Acollida, inscricións e tempo libre.	Acollida, inscricións e tempo libre.	Acollida, inscricións e tempo libre.	Acollida, inscricións e tempo libre.	Acollida, inscricións e tempo libre.	Todos	Acollida, inscricións e tempo libre.
10.00 h.	XOGOS para MAIORES	Xogos presentación e xogos con paracaídas.	Olimpiadas deportivas.	Xogos tradicionais.	Xogo "as bandeiras".	Xogo: "O oráculo dos Deuses".	Peq. e 10 e 11 anos	Gran xogo "os Bolechas".
	OBRADOIROS para PEQUENOS	GR1: creamos un animal con papel pregado. GR2: cocinamos galletas.	GR1: cocinamos galletas. GR2: creamos un animal con papel pregado.	GR1: creación dunha oruga. GR2: cocinamos pizza.	"Palabras no Ar". Contacontos.	GR1: cocinamos pizza. GR2: creación dunha oruga.	8 e 9 anos	GR1: obradoiro de oralidade. GR2: xogos.
11.30 h.	TODOS	Merenda e tempo libre.	Merenda e tempo libre.	Merenda e tempo libre.	Merenda e tempo libre. (pequenos dende as 11)	Merenda e tempo libre.	Peq. e 10 e 11 anos	Merenda e tempo libre.
12.00 h.	XOGOS para PEQUENOS	Xogos presentación, cancións de animación e xogos con paracaídas.	Cancións de animación e xogos: "a raia, as cores e o pano Branco".	Cancións de animación e xogos: "ti a levas, a cadea e zapatíño inglés"	Cancións de animación.	Cancións de animación.	11.15h. 12.15h.	8 e 9 anos GR1: xogos GR2: obradoiro de oralidade.
	OBRADOIROS para MAIORES	GR1: creación de broches con serpentinas. GR2: estuche feito cunha baqueta.	GR1: estuche feito cunha baqueta. GR2: creación de broches con serpentinas.	GR1: realizamos un papaventos broche. GR2: maceteiro con fieltro.	GR1: maceteiro de fieltro. GR2: realizamos un papaventos broche.	GR1: cocinamos galletas. GR2: broches con fieltro.	12.00h.	Peq. Xogos musicais.
13.30 h. 14.00 h.	TODOS	Despedida.	Despedida.	Despedida.	Despedida.	Despedida.	12.30h. 13.30h.	10 e 11 anos Obradoiro de escritura
							Todos	Despedida.

CEIP COLEXIATA de SAR

Sar, 68

9.30 h.	Acollida.	Acollida.	Acollida.	Acollida.	Acollida.	Acollida.
10.00 - 10.30 h.	Xogos de presentación.	O sol nai de tódalas enerxías.	O vento sopra.	Qué nos da a auga?.	Qué nos aportan os alimentos?.	Canta enerxía consumimos?.
10.30 - 11.30 h.	Descubrinto un mundo da enerxía.	Coñecendo a enerxía solar.	Coñecendo a enerxía eólica.	Coñecendo a enerxía hidráulica.	Aprendendo a comer.	Cousas que gastan e as que aforran enerxía.
11.30 - 12.00 h.	Descanso.	Descanso.	Descanso.	Descanso.	Descanso.	Descanso.
12.00 - 13.30 h.	Empezando a elaborar o noso mural da enerxía.	Comezando as fichas da enerxía para o mural.	Comezando as fichas do vento para o mural.	Comezando as fichas da auga para o mural.	Comezando as fichas dos alimentos para o mural.	Xogando co mural da enerxía.
13.30 h.	Fin da xornada.	Fin da xornada.	Fin da xornada.	Fin da xornada.	Fin da xornada.	Fin da xornada.

CEIP FONTIÑAS

Roma, 15

9.30 h.	Acollida.	Acollida.	Acollida.	Acollida.	Acollida.	Acollida.
10.00 h.	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais
11.30 h.	Descanso.	Descanso.	Descanso.	Descanso.	Descanso.	Descanso.
12.00 h.	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais	OBRADOIROS: A - Escola infantil B - Artes plásticas C - Deportes D - Bailes E - Xogos tradicionais
13.30 h.	Fin das actividades.	Fin das actividades.	Fin das actividades.	Fin das actividades.	Fin das actividades.	Fin das actividades.

CEIP LÓPEZ FERREIRO

Xoán XIII, 15

9.00 h.	Benvida.	Benvida.	Benvida.	Benvida.	Benvida.	Benvida.
9.30 h.	Xogos de presentación e coñecemento.	OBRADOIROS: - Colgantes de barro.	Xogos e obradoiro: - Pistas na natureza - Pintar os colgantes	OBRADOIROS: - Papel maché.	Xogos de presentación e coñecemento.	Creación de disfraces para a festa de despedida.
11.30 h.	Descanso.	Descanso.	Descanso.	Descanso.	Descanso.	Descanso.
12.00 h.	OBRADOIROS: - Mural do verán.	Xogos predeportivos e tradicionais - Campeonato de Brilé. - Xogos tradicionais (pañuelito, a corda,...).	OBRADOIROS: - Broches de fieltro.	Actividade e xogos deportivos: - Distintos tipos de relevos.	OBRADOIROS: - Papaventos de fio.	Festa temática.
14.00 h.	Despedida.	Despedida.	Despedida.	Despedida.	Despedida.	Despedida.

Esta programación poderá sufrir modificacións, que se darán a coñecer nas secretarías da Escola Municipal de Verán dos CEIP

Escola Municipal de Verán

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación